



Programación xeral anual

Escola Oficial de Idiomas de Ferrol
Curso 2008-2009

Plan Anual

1.Obxectivos

- 1.1. Impartir en tódolos cursos un aporte cultural, de costumes e tradicións dos países da fala a estudar.
- 1.2. Promover actividades complementarias e extraescolares que reflectan un mundo multicultural e plurilingüe. Actividades, como as xa consolidadas *Xornadas culturais* nas que se involucran directamente o alumnado e outras institucións, asociacións, etc. que permiten a escola ser unha escola aberta á sociedade.
- 1.3. Organizar viaxes para conseguir un contacto directo co país de fala a estudar.
- 1.4. Colaborar toda a comunidade educativa co proxecto do Equipo de normalización e dinamización lingüística ligado estreitamente ao premio obtido por segundo ano consecutivo de “Innovación en normalización lingüística en lingua galega” polo proxecto de “As Fiadas da EOI de Ferrol”.
- 1.5. Fomentar entre o alumnado e profesorado o uso da biblioteca, así como fomentar a participación nas actividades propostas pola encargada de biblioteca ao longo do curso.
- 1.6. Fomentar o clube de lectura na biblioteca organizado pola asociación de alumnado Goethe. Neste clube dase cabida a alumnado de nivel avanzado e ó ex – alumnado das distintas linguas impartidas na escola para poder mellorar as súas competencias de comprensión escrita e falada. Colaborar coa asociación para a impartición de cursos de chinés.
- 1.7. Fomentar a formación do profesorado e de toda a comunidade educativa:
 - Animar á participación no Proxecto de Xefatura de Recursos (adxúntase copia do proxecto como anexo I) para sacar un rendimento óptimo as novas tecnoloxías, e tamén o seu uso na aula, así como o uso do laboratorio, aula de informática e a pizarra dixital.
 - Fomentar a máxima participación do profesorado no curso específico para a eoi ofrecido polo cefore durante o primeiro trimestre do curso.

- Implicar o profesorado de biblioteca nos cursos de formación de biblioteca escolares.

1.8. Dar información continúa a comunidade educativa do proxecto europeo que nace neste curso.

2. Medidas e recursos para a súa consecución:

1.1. Este apartado será responsabilidade directa do profesorado. Aténdose a Programación didáctica traballará estes aspectos co seu alumnado na clase. Disporá de material complementario no departamento e tamén na biblioteca. A xefatura de departamento debe velar pola existencia deste material e destinar parte dos recursos económicos do departamento para tal fin.

1.2. A vicedirección elaborará un programa destas actividades a inicio de curso que se adxuntará a Programación Xeral Anual como anexo II. Reuniarase e coordinarse cos diferentes departamentos, asociacións, institución etc. durante o mes de setembro. O profesorado informará ao alumnado nas aulas destas actividades que se faran o longo do curso entregará material se fose necesario. A vicedirección presentará a dirección un proxecto cos recursos necesarios para execución das mesmas en colaboración coa secretaría e a xefatura de estudos. As actividades que xurdan ao longo do curso que non foran programadas serán presentadas á vicedirección para ser analizadas e sí é factible levalas a cabo.

As asociacións e institucións que colaboran con estas actividades a través da coordinación coa vicedirección son:

- Asociación Goethe do alumnado que realizan actividades extraescolares como cine, música, gastronomía, etc. É esta asociación quen se encarga do clube de lectura. Terán unha aula asignada para manter a suas reunións, gardar material, impartir cursos, etc. O centro lle proporcionará as fotocopias e chamadas telefónicas que sexan necesarias para o seu funcionamento.
- Conservatorio Profesional de Música de Ferrol que colabora nas actividades extraescolares da escola expresando ese mundo multicultural e plurilingüe a través da música.

- IES Leixa onde colabora o ciclo formativo de grao medio de Artes Gráficas para a maquetación da nosa revista Diálogo, elaboración de programas das xornadas culturais, cartazos, etc.

1.3. As xefaturas en colaboración coa vicedirección establecerán o calendario para a realización das distintas viaxes.

1.4. A coordinadora do ENDL irá informando nas CCP das actividades á realizar e tamén levará a cabo un seguimento, en estreita colaboración coa coordinadora, do proxecto: “As fiadas da EOI de Ferrol” que obtivo o premio de Innovación en normalización lingüística en lingua galega.

1.5. A encargada de biblioteca adxunta unha programación (anexo III) para o curso. A través dos correos electrónicos da escola dará información a toda a comunidade educativa ao longo do curso sobre as actividades a realizar.

1.6. A responsable da asociación de estudantes Goethe no centro coordinará coa vicedirección estas actividades. Adxúntase (anexo IV) programación.

1.7. A dirección e a xefatura de estudos fará un seguimento exhaustivo a este proxecto de recursos en colaboración coa xefatura de recursos. Farase análise e avaliacións periódicas para conseguir un resultado positivo ao longo do curso.

Facilitarase información ao profesorado sobre cursos de formación, como por exemplo os cursos relacionados coa biblioteca e fomentarse a participación no curso específico para a eoi ofrecido polo cefore,

1.8. A vicedirección e a dirección levarán a cabo a coordinación do proxecto europeo e polo tanto fomentarán a participación de toda a comunidade educativa nel.

Horario xeral da E.O.I.:

Os **criterios** a hora de asignar as bandas horarias son as seguintes:

1. Demanda do alumnado de franxas horarias determinadas (sobre todo as primeiras horas da mañá e as últimas da tarde). Neste curso tras moitas peticións do alumnado e analizado en consello escolar e en claustro decideuse comezar as clases na quenda de mañá ás 09:30 . O alumnado ás 09:00 retrasábase nunha media de 15/20 minutos debido a que moitos adultos se ocupan de menores que acompañan as escolas e nas clases era unha interrupción constante.
2. Enquisas levadas a cabo a nivel departamental a finais de curso para estudar as preferencias do alumnado oficial. As xefaturas de departamento na comisión de coordinación pedagóxica fan a súa proposta para o vindeiro curso.

3. Continuidade de horario do curso anterior sempre e cando sexa posible. Si houberse fusión de grupos terase en conta o número de aptos en xuño, as enquisas, para dar continuidade en horario ao número mais grande de alumnado ou ben buscar un horario intermedio para fusionar os grupos.
4. A asignación das bandas horarias dos periodos lectivos complementarios, sempre que sexa posible tendo en conta os recursos humanos e espazos físicos, farase según a demanda do alumnado. As xefaturas de departamento serán as responsables de levar a cabo enquisas na primeira semana de clase para poder adaptarse as necesidades do alumnado. Posteriormente en contacto coa xefatura de estudos procederán a establecer o horario.
5. Os **criterios pedagóxicos** para establecer os periodos lectivos de hora e media horario son os seguintes: dado que 1 hora se considerou escasa para levar a práctica na clase as diferentes destrezas lingüísticas expostas no Marco común europeo de referencia todos os departamentos coinciden na idoneidade deste horario de hora e media tres veces á semana. Ademais contribúe a minorar o número de faltas de asistencia.

Horario da escola

A escola abre as suas portas ao público as 08:30 e pecha as 22:00.

Os días festivos que pode elixir o centro co consello escolar son os días 5 de decembro de 2008 e o 4 de maio de 2009.

O horario lectivo abarca dende as 09:30 ata as 22:00. Os horarios das clases son, en xeral, de tres días á semana. Os periodos lectivos constan de 1 hora e 30 minutos ou ben dúas horas diarias para os cursos intensivos cuatrimestrais

Os horarios lectivos (de oficiais e a distancia), das clases complementarias, clases de formación do profesorado e de linguaxe administrativa, do equipo directivo, da biblioteca e da xefatura de recursos queda reflectido no anexo V, horarios que a súa vez están expostos no taboleiro de información do centro na entrada principal, así como tamén nas diversas dependencias co seu horario determinado.

Horario do persoal non docente:

En canto a administración o horario abarca dende as 09:00-14:00 horas de atención o público, e polas tardes de 16:00-18:30, os xoves de 16:00-18:00 será de atención o público.

O horario de subalternos consta de dous turnos, un de 08:30-14:00 e de 17:00-19:00, e outro turno de 11:00-12:00 e de 15:30-22:00.

O persoal de limpeza tamén ten dous turnos un de 06:30-14:00 e outro de 14:30-22:00.

O **horario de atención ó público en periodos de vacacións escolares** é de 10:30-12:30.

Programa anual de actividades complementarias e extraescolares para o curso 2007 /

2008: Anexo I

Proxecto de formación e optimización de uso das novas tecnoloxías existentes no

centro: Anexo I I

Plan lingüístico do centro: Anexo VI

Programa anual de formación do profesorado:

Contamos no centro por segundo ano consecutivo cun Proxecto de Innovación en normalización lingüística premiado. Consultar PLC. Neste proxecto está implicado máis do 70% do profesorado.

Tamén entraría neste apartado o *Proxecto de formación e optimización de uso das novas tecnoloxías no centro* (recollido no anexo II).

No curso ofrecido polo cefore a implicación do profesorado espera ser elevado.

Non hai máis preestablecido, dado que congresos, xornadas, grupos de traballo etc. son convocados ao longo do curso e son solicitados posteriormente a elaboración desta programación..

Proxecto de orzamento : este proxecto adxuntarase a esta Programación Xeral Anual en febreiro como anexo VII que é cando se ten coñecemento dos créditos asignados pola Consellería de Educación.

Documento de recollida de datos: Anexo VIII

Documento organizativo do centro: Anexo IX

Proxectos didácticos e programas das actividades complementarias: Anexo X

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2007 / 2008

1. OBTETIVOS XERAIS

- Potenciar a participación en todas as actividades promovidas pola escola.
- Promover, en colaboración con outras entidades, a difusión cultural mediante exposicións, conferencias, viaxes, música, revista, etc.
- Achegar ó alumnado a outras realidades diferentes da súa propia.
- Involucrar a todo o profesorado na motivación do alumnado para unha maior utilización da biblioteca escolar, tanto como centro de recursos da información como para o fomento da lectura.
- **Tomar conciencia do tema da e/inmigración e a súa repercusión nesta zona.**
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías para a aprendizaxe de linguas estranxeiras.
- Promover e facilitar a autoaprendizaxe.

2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

● **Presentación – Inauguración do curso 2007/08:**

Obxectivos:

- presentar ao alumnado materiais, recursos, proxecto europeo, biblioteca e equipo de normalización lingüística.
- presentar ao alumnado o persoal docente e non docente da EOI
- usar e fomentar o uso das novas tecnoloxías
- presentar ao alumnado a nova lingua que se incorpora á escola este curso: portugués

Contidos:

- Exposición: “Heroínas reais e de ficción”, con material da biblioteca en todas as linguas que se imparten nesta eoi.

Responsable: Coordinadora da biblioteca

- Exposición do proxecto europeo: “Opening Doors”

Responsable: As coordinadoras do proxecto europeo

- Exposición gráfica de vocabulario práctico en galego

Responsable: Equipo de Normalización Lingüística

Lugar: As tres exposicións tiveron lugar na planta baixa da escola.

- Presentación do persoal docente e non docente da eoi de Ferrol a través da proxección de breves gravacións feitas previamente, nas que o persoal expresa a súa relación co galego.

Responsable: Equipo de Normalización Lingüística, en colaboración coa dirección do centro.

Lugar: Salón de Actos

- Concerto do grupo "Abril" de fado portugués

Responsable: A Dirección

Lugar: Salón de Actos

- Snacks no patio interior da eoi

Responsable: a vicedirección en colaboración co encargado da cafetería do centro

Temporalización: Todas as actividades anteriormente mencionadas se levaron a cabo o día 28 de setembro, ao longo do día

● **Jincana da biblioteca**

Objetivos:

- Dar a coñecer o material da biblioteca
- Fomentar o uso da biblioteca

Contidos: Presentar a o profesorado unha serie de actividades de busca de información, para resolver co alumnado con todos os medios dispoñibles na biblioteca.

Responsable: Coordinadora da biblioteca

Lugar: Biblioteca do centro

Temporalización: Ao longo do curso

● **Exposicións temporais con fondos da biblioteca**

Objetivos.

- Dar a coñecer o material da biblioteca
- Difundir o material entre a comunidade educativa
- Fomentar o uso da biblioteca

Responsable: coordinadora da biblioteca

Lugar: Distintos lugares do centro, dependendo da temática e dispoñibilidade.

Temporalización : Unha exposición por trimestre

● **Concurso de marcapáxinas**

Objetivos:

- Estimular a creatividade
- Deseñar e imprimir un marcapáxinas
- Fomentar a lectura

Contidos: Presentar un deseño original de un marcapáxinas que posteriormente se imprimirá.

Responsable: Coordinadora da biblioteca

Temporalización: segundo trimestre do curso

● **Magosto**

Objetivos: Achegar ó alumnado as tradicións e música galegas.

Contidos: degustación do froito típico do outono , cancións e obradoiros populares galegos.

Temporalización: 14 de novembro de 2007, ás 20.30 .

Destinatarios: Todo o alumnado

Responsables: Equipo de Normalización lingüística en colaboración coa vicedirección e coa asociación de Estudiantes Goethe.

Lugar: Cafetería e Patio da EOI.

● **Tarxetas de Nadal**

Obxetivos:

- Diseñar unha tarxeta de Nadal para a escola
- Reflexionar sobre as distintas maneiras de entender esta festividade
- Estimular a creatividade.

Contidos:

- presentar un deseño orixinal dunha tarxeta de Nadal que se utilizará no curso seguinte como felicitación da escola.

Temporalización: Decembro do 2006

Destinatarios: Todos os alumnos

Responsable: A vicedirección

● **Festa Nadal**

Obxetivos:

- Achegar ao alumnado distintas maneiras de celebrar esta festividade
- Animar ao alumnado a participar cos seus propios traballos
- Achegar e facer partícipe ao alumnado da gastronomía típica dos países relacionados coas linguas que se imparten
- Entender a música como recurso para a aprendizaxe de linguas estranxeiras

Contidos:

- Cancións típicas destas festas nas distintas linguas para escoitar e cantar.
- Recietas típicas nestas datas dos distintos países
- Degustación de postres elaborados polos alumnos
- Premios para os mellores.

Temporalización: 22 de decembro do 2006

Destinatarios: Todos os alumnos

Responsable: A vicedirección en colaboración cos distintos departamentos.

● **Cartas e poemas de amor**

Obxetivos:

- Potenciar o uso na escrita das linguas que se imparten.
- Informar sobre as diferenzas e semellanzas na maneira de entender a celebración do 14 de febreiro
- Publicar os mellores traballos na revista da escola

Contidos:

- Escribir un poema ou carta de amor nunha das linguas que se imparten.
- Escolleránse os mellores de cada lingua para a posterior publicación na revista "Diálogo"

Temporalización: Primeira quincena de febreiro

Destinatarios: Todos os alumnos

Responsable: A vicedirección en colaboración cos distintos departamentos

● **Xornadas culturais:**

Obxetivos:

- Achegar aos alumnos realidades culturais que lle son alleas.
- Tomar conciencia de distintos usos e costumes
- Respetar e entender as diferencias culturais
- Enriquecer a comunidade coas aportacións pluriculturais
- Fomentar a autoaprendizaxe
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías

Contidos:

- Gastronomía, concertos, representacións teatrais, proxeccións de películas, conferencias, intercambio de experiencias culturais, xogos, etc.

Temporalización: 9, 10 e 11 de abril de 2008

Destinatarios: Toda a comunidade

Responsables: A vicedirección en colaboración cos distintos departamentos

Repercusións económicas: Algunhas das actividades quedan a expensas do orzamento da escola.

O programa definitivo de todas as actividades estará a disposición do alumnado alomenos 15 días antes da súa celebración.

● **Revista “Diálogo”**

Obxetivos:

- Fomentar a participación dos alumnos na publicación da revista escolar
- Estimular a creatividade
- Diseñar materiais para a posterior publicación
- Reflexionar sobre os procesos e as funcións da linguaxe escrita
- Estimular o interese do texto escrito como instrumento de comunicación
- Compartir experiencias propias e enriquecerse coas alleas
- Tomar conciencia da revista como medio de difusión da información
- Fomentar a autoaprendizaxe

Temporalización: A elaboración e recollida de materiais levarase a cabo de outubro do 2007 a marzo do 2008.

A publicación está prevista para a primeira quincena de maio do 2008

Responsables: A vicedirección en colaboración cos distintos departamentos. Cabe destacar que a totalidade dos materiais son elaborados polos alumnos.

Este ano tamén colaborarán con nos os alumnos do departamento de Artes Gráficas do IES de Leixa na parte relacionada co deseño, maquetación e filmación dos materiais.

Repercusións económicas: A maior parte dos gastos de publicación inclúense no orzamento da escola. Tamén contamos coa colaboración económica de algunhas entidades privadas e con unha aportación do Concello de Ferrol.

3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Viaxe a un país de fala alemana: organizada polo departamento de alemán en colaboración coa vicedirección, realizarase en datas e a lugares a convir polo alumnado
- Viaxe a un país de fala francesa, posiblemente Bélxica ou Suiza, aínda sen determinar, previsto para principios de maio. Organizado polo departamento de francés en colaboración coa vicedirección.
- Viaxe a un país de fala inglesa, organizada polo departamento de inglés en colaboración coa vicedirección , as datas están aínda sen determinar.
- Viaxe a un país de fala portuguesa: organizado polo departamento de portugués en colaboración coa vicedirección, as datas están sen determinar.

4. ACTIVIDADES DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

Ademais das actividades previstas para toda a escola, cada departamento ofrece outras actividades dirixidas a un grupo determinado de alumnos, dependendo da lingua, nivel ou dispoñibilidade aínda que, polo xeral, todos os que desexen participar nelas, serán benvidos.

► Departamento de Alemán

- Lectura interactiva de contos en alemán co autor dos mesmos Leonhard Thoma. (* 1966, estudou literatura e filosofía en München/Munich. Traballa de profesor de alemán en Barcelona, onde vive actualmente dende 1996. Estuvo en Berlin, Dijon e Paris traballando).
Escribe sobre todo relatos/contos cortos con vocabulario sinxelo: “Der Hundetraum und andere Verwirrungen”, “Die Blaumacherin”, “Das Wunschhaus und andere Geschichten” e “Der Ruf der Tagesfische”.

Temporalización: xoves, 22 de novembro e venres 23 de novembro, horario por determinar, duración: 90m

► Departamento de Francés

- Concurso de ‘Crêpes’ previsto para febreiro de 2008

► Departamento de Inglés

- Celebración de Thanksgiving Day

► Departamento de Italiano

- Ciclo de películas fora do centro

- Exposicións varias

- Taller de música italiana: “Laboratorio di musicoterapia” a cargo de Giulio Brouzet Galassi, os días 20, 21 e 22 de novembro.

► Departamento de Galego

- Revista “**Alecrin**”: Con motivo da celebración do día do libro e coincidindo con fiadeiro de abril, o departamento de galego publica unha revista con material elaborado polos alumnos

ASOCIACIÓN GOETHE

No seguinte anexo aparecen relacionadas as actividades propostas pola ASOCIACIÓN GOETHE . Todas estas actividades realizaranse coa colaboración da vicedirección da EOI e, cando sexa necesario, coa colaboración dos distintos departamentos, do Equipo de Normalización Lingüística e da encargada da biblioteca.

ASOCIACIÓN GOETHE

A asociación Goethe de alumnos e ex alumnos da Escola de Idiomas de Ferrol propon as seguintes actividades para o curso 2006-2007:

- Clube de lectura Inglés, Francés, Alemán, Italiano, Galego e Portugués
- Curso de iniciación ao chinés
- Curso de castelán para estranxeiros
- Escapadas de inmersión nas distintas linguas
- Sesións de cine
- Xuntanzas para falar nos distintos idiomas

TEMPORALIZACIÓN

Os clubs de lectura están pensados para empezar en Outubro e rematar en Maio, con sesións de dúas horas semanais, con grupos de mañás e de tardes.

A Festa Multicultural prevese para finais de Outubro

As xuntanzas de café poderían ser semanais pero aínda están sen determinar.

OBXECTIVOS

- Seguir en contacto coas diversas linguas impartidas na Escola de Idiomas, unha vez rematados os anos de ensinanza oficial
- Promover o interese de alumnos e ex alumnos nos diferentes idiomas
- Levar a cabo actividades diferentes ás realizadas na Escola
- Promover o aspecto social e comunicativo das linguas
- Acadar coñecemento da cultura de cada lingua
- Acadar un desenvolvemento, especialmente oral, en cada lingua
- Ofrecer unha visión actual e práctica de cada lingua

